



**PLAN DE TRABALO PROXECTO COMPETENCIAL.  
4º PRIMARIA. CURSO 2023-2024**

**PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 4º NIVEL**

**MATERIAIS:**

- Recursos interactivos (buscadores en liña, vídeos...)
- Colección de libros “Enigmas” de Victor Víctor Escandell . Ed Zahorí Books
- Fichas fotocopiáveis e de elaboración propia para os proxectos.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Material funxible para a creación do proxecto.

**PLAN DE TRABALO:**

Os bloques de contidos a través dos cales traballaremos na área de Proxecto Competencial serán:

- Bloque 1. Definición de proxectos.
- Bloque 2. Execución de proxectos.
- Bloque 3. Presentación de proxectos.

Para o seu desenvolvemento realizaremos un proxecto anual que distribuiremos entre os tres trimestres coa temática “resolución de enigmas”, co fin de que adquiran as competencias necesarias para prever un plan de traballo, resolver os problemas colaborativamente e executar e expoñer o seu proxecto.

**CONTIDOS POR TRIMESTRE:**

O desenvolvemento dos bloques de contidos citados no apartado anterior farase de maneira progresiva, a través da creación de proxectos trimestrais que terán por obxectivo desenvolver as competencias clave de xeito significativo, ademais de traballar o seguintes contidos comúns aos tres trimestres:



- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### **AVALIACIÓN:**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de In (Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresáinte). A estes termos achegarásenos, con carácter informativo, unha cualificación numérica, nunha escala do 1 ao 10.